



A saúde dos baixos e a do comércio é indicador de vitalidade.

As obras de rehabilitación: locais comerciais

109. Existen axudas para os comercios?

A vitalidade dos centros e núcleos históricos susténtase tamén na súa actividade económica e na existencia dun comercio capaz de ofrecer os servizos e mercancías que os habitantes precisan. Con esta finalidade o decreto inclúe a posibilidade de solicitar axudas para os baixos que teñan uso de locais comerciais ou vivendas nos edificios que se rehabilitan.

110. En que consisten?

As axudas están destinadas á mellora dos inmobles nos que están os baixos: sobre todo ás cuestións de estanquidade, de accesibilidade, ás instalacións básicas e de seguridade e protección contra incendios. As subvencións a fondo perdido recollidas no articulado do decreto diríxense ás ditas obras de mellora. Pódense solicitar polos mesmos medios das de rehabilitación de edificios e vivendas, como se expón no punto 102.

111. Como se solicitan?

Nas Oficinas de Rehabilitación das Áreas de Rehabilitación Integral ou do Centro Histórico. Os técnicos asesoran sobre as obras que poden estar acollidas a axudas.